

Normas de uso do Local Municipal de Ensaios *Fondo Sur* (Estadio de San Lázaro)

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de xullo de 2005

Artigo I. Obxecto

As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do local de ensaios municipal que se ubican no fondo sur do estadio de San Lázaro.

Artigo II. Locais e materiais

Os locais están distribuídos en dúas salas equipadas, cada unha co seguinte material

- 2 Micros
- 2 Pes de micro
- 1 Cable 2 Jack (m-m)
- 2 Cables conexión Cannon (m-f)
- 1 Batería completa Tama
- 1 Eurorack UB802
- 1 Ultrawave B300
- 1 Ibanez TB50 R con pedal
- 1 Torque T2001 EB 200 w.

Artigo III. Presentación de solicitudes

Poderán presentar solicitudes para o uso dos citados locais, aquelas persoas que en representación dun colectivo musical, con membros empadroados no Concello de Santiago de Compostela, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes presentaranse en instancia formalizada a recoller no Departamento de Educación e Mocidade perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo IV. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso:

- (a) Priorizarase as solicitudes de reserva mensual de 8 horas (2 horas á semana) do equipamento.
- (b) O equipamento acollerá aos grupos con membros empadroados no Concello de Santiago.
- (c) Trimestralmente revisaranse os horarios e, caso de ser necesario, reestructurarase o calendario en función de novas solicitudes e dos horarios dispoñíbeis.
- (d) O Departamento de Educación e Mocidade entregará á persoa solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do solicitante, o seu número de documento de identidade, días e horas nas que está autorizado ao uso dos locais e local que se utilizará.

Artigo V. Procedemento para o acceso ás instalacións

- (a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo deberá ter dispoñible o documento de autorización ao que se refire o apartado (d) do artigo anterior e dirixirase ao garda de seguridade do Estadio Municipal San Lázaro, que procederá á apertura do local asignado. A non presentación deste documento invalidará a autorización para o uso do local ese día.
- (b) Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto ao garda de seguridade e poñéndoo en coñecemento do Departamento de Educación e Mocidade á maior brevidade posible.
- (c) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice a usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada.
- (d) O Departamento de Educación e Mocidade faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións.

Artigo VI. Obrigas do/a solicitante

O/a solicitante ten as seguintes obrigas:

- (a) Limpeza básica das instalacións. Debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba ñá súa chegada.
- (b) Coidado e bo uso das instalacións e material que se lles autoriza a usar. No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, deberá repoñer integramente o danado ou abonar o importe integro da súa reposición.
- (c) Acudir ao local de ensaios o día e hora na que se lle autorizou o uso, en caso de non utilización do local en dúas ocasións consecutivas ou en cinco trimestrais, sen xustificación, perderá a preferencia ao uso do equipamento.
- (d) Facer como mínimo unha actuación ao ano, se o considera oportuno o Departamento de Educación e Mocidade co obxecto de dalos a coñecer ao público e, ao mesmo tempo, para facer un seguimento da continuidade de cada grupo. A actuación poderase facer conxuntamente con outros grupos e deberase notificar ao Departamento de Educación e Mocidade o día e hora, cunha antelación de 8 días. Non se poderá cobrar unha entrada sen a autorización expresa do Concello de Santiago.
- (e) Este equipamento poderá acoller aquelas iniciativas (concertos, presentacións de traballos, gravacións, encontros...) que se acorden oportunamente e sempre coa autorización correspondente do Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo VII. Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar á perda do dereito ao uso e disfrute das instalacións e materiais indicados nos artigos I e II durante un ano. Sen prexuízo das responsabilidades a que de lugar a normativa vixente.